

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIAOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA EN RÍO DE JANEIRO (BRASIL) PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN RÍO DE JANEIRO (BRASIL).

Santiago de Compostela, 12 de abril 2018

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 158/2016, de 24 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Associação Rereio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro (Brasil)**, entidade representada neste acto pola presidenta, Dna. Regina Jallas Suárez, actuando en nome e representación da mesma en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, de 13 de xuño, da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- En Río de Janeiro (Brasil) reside unha amplísima colonia de galegos e dos seus descendentes da que forma parte un colectivo de persoas anciáns que por razóns de idade, saúde e ou circunstancias familiares –que están a sufrir unha situación socio económica que xera un deterioro do seu nivel de vida, que se está a agravar debido á falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial para este colectivo.

CUARTO.- A Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada, de Río de Janeiro fundada en 1940 por emigrantes galegos é unha entidade benéfica, sen ánimo de lucro, cuxa finalidade é acoller temporal ou permanentemente á anciáns de xeito gratuíto, dando prioridade aos galegos e españois necesitados. Esta asociación está rexistrada como centro colaborador da galeguidade no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría xeral da Emigración.

Dita entidade é un dos referentes fundamentais na atención socio sanitaria e de asistencia ás persoas de idade avanzada en Río de Janeiro e a súa contorna. Nas súas instalacións, que contan con 250 habitacións, teatro, capela, biblioteca e unha ampla área de espaxamento e leva a cabo unha asistencia integral aos acollidos que inclúe alimentación, vestiario, servizos médicos, fisioterapia, terapia ocupacional, actividades culturais, etc., mellorando así o aspecto social, emocional e sociolóxico dos acollidos.

QUINTO.- A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular pola labor que

desenvolve a favor da colectividade galega necesitada, que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica no obxectivo de dar apoio á colectividade de emigrantes galegos, residentes en Río de Janeiro e na súa área xeográfica, que por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presentan problemas asociados e derivados destas.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Río de Janeiro e na súa área xeográfica, que por razóns de idade e/ou circunstancias socio familiares teñan problemas de autonomía persoal a través da concesión dunha axuda de carácter singular a esta entidade sustentada en razóns de interese público e humanitario.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIOS

Os destinatarios destes programas serán persoas de orixe galego e os seus descendentes ata segundo grao, con nacionalidade española e residentes en Río de Janeiro (Brasil) e que por razóns de idade, e/ou situación de carencia, residan na Associação Recreio dos Anciaos.

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, unha contía de **vinde e cinco mil (25.000 €)**.

A contía da achega está destinada a sufragar os custos das obrigas derivadas do obxecto do convenio que se indican na cláusula oitava.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- PRAZOS E MODOS DE PAGAMENTO

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pagamento anticipado de **quinze mil cen euros (15.100 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

Á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

O importe restante, librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2018.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada e conterà a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Relación clasificada dos gastos relacionados coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no parágrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (en caso de gastos de persoal, deberán presentarse as nóminas e a relación das funcións que realizan). Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados, o orzamento total do funcionamento e o colectivo atendido.

- Relación das persoas beneficiarias atendidas con cargo a este convenio pola Associação Recreio dos Anciaos de Río de Janeiro. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe das persoas beneficiarias e o período de estancia.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

SÉTIMA.- *REINTEGRO*

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OCTAVA.- *OBRIGAS DAS PARTES*

1.- A **Associação Recreio dos Anciaos**, asegurará a realización das prestacións establecidas neste convenio, para o que se compromete a:

- Manter as instalacións e o equipamento da residencia, e dotalo de persoal especializado e do material consumible necesario para o seu correcto funcionamento.
- Prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMO SEGUNDA.- *RELACIÓN LABORAL*

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirán instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- *PUBLICIDADE, SEGUIMIENTO E COLABORACIÓN*

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos

Nacional de Subvencións (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A entidade asinante presta o seu consentimento para que os seus datos que constan no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto da devandita publicidade.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula décimo primeira. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2018, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2018.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN

A PRESIDENTA DA ASSOCIAÇÃO
RECREIO DOS ANCIAOS

Antonio Rodríguez Miranda

Regina Jallas Suárez